# Concello de Lourenzá

## ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| PLN/2020/4 | El Pleno |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Extraordinaria<br>Motivo: «APROBACIÓN PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2020-2021.» |
| **Data** | 30 de xullo de 2020 |
| **Duración** | Desde as 20:35 ata as 21:30 horas |
| **Lugar** | Salón de Sesións |
| **Presidida por** | rocio lopez garcia |
| **Secretario** | Begoña González Pedregal |

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
|---|---|---|
| 33832911A | ANTONIO REGO REY | SÍ |
| 35312108R | AUREA MARÍA VÁZQUEZ ABAL | SÍ |
| 33997496T | EDUARDO JOSE REIGOSA BRAÑA | SÍ |
| 34880827Q | ENRIQUE JOSÉ ROCHA PÉREZ | SÍ |
| 33995905L | FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BARRERA | SÍ |
| 33321327P | JAVIER HUERTAS OTERO | SÍ |
| 71865319W | MANUEL ARANGO RON | SÍ |
| 33844382C | MARIO LEITÓN RAMALLAL | SÍ |
| 77593740C | Mercedes Dengra Sixto | SÍ |

**Begoña González Pedregal (1 para 2)**
Secretaria - Interventora
Data de Sinatura: 05/08/2020
HASH: 567121f86601f537738f59bc1f9c4a338

**rocio lopez garcia (2 para 2)**
Alcaldesa
Data de Sinatura: 05/08/2020
HASH: 3138d77e67743bc515230753352b99a94

Cod. Validación: 6RSJ3MTQEXZ4G6QD5GH7FZDCX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 34

| | | |
|---|---|---|
| 33549271E | SONIA GAVINO REIGOSA | SÍ |
| 76580879X | rocio lopez garcia | SÍ |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

### APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 15/06/20.

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Preguntados, os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular á acta da sesión anterior, de data quince de xuño do dous mil vinte (15/06/2020), distribuída coa convocatoria, e non habendo nada, o borrador da acta de dita sesión foi aprobado por unanimidade dos presentes.

### Expediente 214/2020. CONTA XERAL 2019.

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 6, En contra: 0,
Abstencións: 5, Ausentes: 0

A continuación deuse conta do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, da Conta Xeral do Presuposto correspondente ó exercicio do 2019 cos seus correspondentes xustificantes. Vistos os informes favorables de Secretaría – Intervención de data 20/05/2020, así como o ditame tamén favorable da Comisión Especial de Contas de 17/06/2020 e o resultado da súa exposición ó publico mediante anuncio no Taboleiro de Anuncios e no BOP. Núm. 143 de data 23/06/20 durante quince días, dende o 25/06/2020 ata o día 15/07/2020, e oito máis, ata o día 27/07/2020, sen que durante dito período se presentasen reclamacións á mesma, previa deliberación ó efecto, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria e con seis votos a favor, do



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6RSJ3MTQEXZ4G6QD5GH7FZDCX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 34

Partido Socialista de Galicia-P.S.O.E., e cinco abstencións, do Partido Popular e B.N.G., ACORDA

Primeiro.- APROBA-LA mencionada Conta Xeral do exercicio do 2019, nos termos e cifras nos que está redactada e que arroxa o seguinte resume:

| | |
|---|---:|
| Existencias Iniciais | 1.044.660,32 |
| Total Cobros | 2.864.915,49 |
| Total Pagos | 2.595.013,02 |
| Existencias Finais | 1.314.562.79 |
| Total Activo | 12.620.697,73 |
| Total Patrimonio Neto y Pasivo | 12.620.697,73 |
| Debedores pendentes cobro ó final exercicio | 651.546,02 |
| Créditos pendentes pago ó final exercicio | 58.535,69 |
| Fondos Líquidos Tesourería final exercicio | 1.044.660,32 |
| Partidas Pendentes aplicación | -285.892,43 |
| Remanente de Tesourería Total | 1.621.680,69 |
| Saldos de dubidoso cobro | 117.789,46 |
| Exceso de Financiamento Afectado | 2.885,25 |
| Remanente Tesourería para Gastos Xerais | 1.501.005,98 |

Segundo.- Render a Conta Xeral/2019 así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Terceiro.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.



Cod. Validación: 6RSJ3MTQEXZ4G6QD5GH7FZDCX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 34

| | |
|---|---|
| **DACION DE CONTA DO INFORME DA ARQUITECTA DO A.R.I. , Dª. MARTA SÁNCHEZ SEIVANE,REFERENTE A SOLICITUDES SUBVENCIÓN ICIO E ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.** | |
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Ordinaria A favor: 6, En contra: 0, Abstencións: 5, Ausentes: 0 |

Neste punto da orde do día e polo que se refire ós expedientes de solicitudes de subvención dentro do Programa de Fomento e Rexeneración e renovación urbana e rural do PEV 18-21( Fase 9ª), e visto o contido do artigo 8.*g) da Ordenanza Fiscal Núm. 2, Reguladora do Imposto Sobre Construcións, Instalacións e Obras, que literalmente di: ”De conformidade co establecido no artigo 103.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, , establecese unha bonificación do 95% da cota do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a favor das construcións, instalacións e obras que se desenvolvan no ámbito da Área de Rehabilitación Integral do Casco Antigo e Zonas de respecto Concello de Lourenzá delimitado no Plano adxunto a la Resolución de la Consellería de Política Territorial, Obra Públicas e Vivenda, toda vez que se considera que estas actuacións , unha vez concedida a axuda polo concello , revisten el carácter de especial interese o utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico -artísticas o de fomento de emprego que xustifican, conxunta ou illadamente tal declaración que será acordada, a petición do suxeito pasivo, polo Pleno da Corporación por maioría simple dos membros da mesma e previo informe da Oficina de Rehabilitación. 2.- As bonificacións establecidas no parágrafo anterior serán de aplicación tanto nas liquidacións provisionais como nas definitivas do Imposto.3.- O procedemento de concesión da bonificación terá carácter rogado, é dicir, iniciarase por solicitude do interesado á deberá acompañar o informe - xustificación emitido pola Oficina de Rehabilitación, no que se sinale que as actuacións son obxecto de axuda para rehabilitación no ámbito do A.R.I.*

*Dita solicitude pasará ó Pleno da Corporación que por maioría simple dos seus membros acordará a concesión o denegación da bonificación, ponderando a totalidade das circunstancias concorrentes na petición efectuada e que esta reúna, illada o conxuntamente as circunstancias ás que se fai referencia no punto primeiro deste artigo*

*No obstante, por razóns de urxencia debidamente motivadas poderá resolverse dita concesión por acordo da Xunta de Goberno Local ou Resolución da Alcaldía, que deberá ser ratificado polo Pleno Municipal.*

*Dito acordo implicará a expedición dunha nova liquidación por los servizos municipais coa aplicación á liquidación de que se trate da bonificación a que haxa lugar.*

*Visto que ao aprobarse a cualificación provisional das actuacións por Resolución da Alcaldía de data 29/04/2020 (ao estaren avocadas as competencias da Xunta de Goberno Local por mor do COVID19), aprobáronse as exencións do 95% do I.C.I.O. e o 100% da Taxa de expedición de licenzas urbanísticas, dos expedientes para os que se solicitou dita cualificación, sendo urxente o outorgamento de dita cualificación e sempre que as obras sexan executadas na súa totalidade, dentro dos prazos e de acordo coa cualificación provisional e coas*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6RSJ3MTQEXZ4G6QD5GH7FZDCX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 34

*especificacións contidas no título habilitante municipal e á documentación técnica aportada polo promotor.*

Visto que a arquitecta municipal do A.R.I. emite informe en data 22/07/2020, no que se indica que as obras foron executadas conforme as solicitudes presentadas e aprobadas.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de 26/06/2020 e de 23/07/20 solicitouse ó Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) a súa Cualificación Definitiva.

O Pleno, en votación ordinaria e por seis votos a favor, dos concelleiros do P. S. de G-P.S.O.E. e cinco abstencións dos concelleiros do P. Popular e do B.N.G., acordou:

Primeiro.- Ratificala exención no I.C.I.O así como na Taxa de Expedición de Licenzas Urbanísticas nos seguintes expedientes de solicitudes de subvención para obras incluídas na Área de Rehabilitación e Zona de Respecto (A.R.I.) correspondentes ó exercicio 2020:

| NOME E APELIDOS | IMPORTE I.C.I.O. | SUBVENCIÓN I.C.I.O (95%) | IMPORTE TAXA | SUBVENCIÓN TAXA(100%) | TOTAL SUBVENCIONADO |
|---|---|---|---|---|---|
| Dª. JOSEFA LÓPEZ IGLESIAS | 770,65 € | 732,12 € | 22,58 € | 22,58 € | 754,70 € |
| COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CALVO SOTELO NÚM.6 | 863,66€ | 820,48€ | 22,58 € | 22,58€ | 843,06 |
| INMOART 1961 S.L. | 603,53€ | 573,35€ | 22,58€ | 22,58€ | 595,93 |
| ANGEL HERMIDA SEIVANE | 426,85€ | 405,51€ | -- | --- | 405,51 |

Segundo.- Notifica-los acordos aos interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Terceiro.- Achegar certificación do presente acordo a Oficina Municipal do A.R.I. para a súa incorporación aos respectivos expedientes así como ó servizo de Tesourería ós efectos oportunos.

**Expediente 325/2020. PLAN ECONÓMICO FINANCIERO 2020-2021 POR INCUMPLIMIENTO REGLA GASTO 2019.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Este punto iniciouse pola Alcaldía indicando que o Plan Económico se vira xa na Comisión Especial de Contas e que os grupos coñecían



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6RSJ3MTQEXZ4G6QD5GH7FZDCX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 34

o contido do mesmo, e, a continuación, aberto o debate, en primeiro lugar tomou a palabra o voceiro do B.N.G., Sr. Rocha Pérez, dicindo que o seu grupo quería facer dúas puntualizacións ó Plan Económico Financeiro que o equipo de goberno presentaba para a súa aprobación, unha era a suba no gasto do servizo de axuda domiciliaria da empresa privada que levaba o servizo, pensamos que debería controlarse un pouco máis o gasto, que non lles parecía lóxico que agora que agora que ía a haber un problema económico cunha restrición de gasto que vai a afectar a tódolos veciños, que unha empresa privada se estivera lucrando desta maneira, que non sabían exactamente os motivos desta suba tan importante no gasto pero crían que se debería controlar un pouco máis os servizos que se lle encomendaban a esta empresa e intentar suplementar con persoal propio do concello, os servizos que se lle daban a empresa posto que a todas luces víase que saía máis barato posto que a partida que se presuposta todos os ano nos orzamentos era moi inferior ó gasto final, e en canto á segunda puntualización, querían recordar que no pleno do 16 de setembro do ano pasado, o B.N.G. fixera unha pregunta sobre de que partida ían a saír a modificación de salarios dor órganos de goberno, a resposta fora que non era necesario unha modificación da partida porque chegaba o diñeiro, pero polo visto víase que non chegara, non sabemos o porque pero que non vían correcto que agora tiveran que poñer, para intentar cumprir esta regra de gasto, una redución da previsión salarial do 0,5% ós traballadores do concello, porque aínda que era certo que ía a subir un 2% en lugar do 2,5% que ía subir, ó fin ó cabo era unha reducións salarial, posto que subía menos do que estaba previsto e eles nunca creron que tivera que ser o lado máis feble das cadeas o que debera pagar “ o pato”. Seguiu dicindo que o seu grupo nunca puxera problemas e consideraban que non eran quen para dicir o que deberían cobrar os órganos de goberno pero non vían correcto deducir salario ós traballadores do concello para cumprir a norma dunha regra de gasto que se incumpría, entre outras cousas, polo incremento de salario dos órganos de goberno.

A continuación abriuse un pequeno debate sobre se reducíase o salario dos funcionarios, tema que quedou aclarado por parte desta Secretaría-Intervención ó explicar, por un lado que polo que refería á pregunta de se había consignación presupostaria para os gastos dos órganos de goberno, sí había consignación dentro da mesma función e non fora necesario facer unha modificación presupostaria e por outro lado, en canto ás retribucións do persoal do concello, que o salario non se reducía, que tratábase dunha previsión de que o goberno, dada a situación económica, o déficit a



Cod. Validación: 6RSJ3MTQEXZ4G6QD5GH7FZDCX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 34

nivel nacional e que ó incremento estaba condicionado á situación económica do pais, por todos estes motivos non ía a aprobar esa suba do 0,5% pero que no caso de que se permitira polo goberno central, os traballadores do concello beneficiaríanse dese incremento.

A Alcaldía pola súa parte manifestou que estaba de acordo con eles no da empresa privada, que o ano pasado tiveran un desfase moi grande porque houbera moito persoal de baixa e tiveran que tirar moito da empresa pero que este ano ían na liña apuntada de recorrer máis ós servizos do persoal do concello, que de feito fai pouco xa contrataran a outra persoa, de feito os gastos que levaban acumulados ó dia hoxe eran trinta e nove mil euros menos que o gasto do ano pasado á mesma data, estaba de acordo que algo fallara que había corrixilo e que fora a razón fundamental do incumprimento da norma.

Seguidamente tomou a palabra o voceiro do P. Popular, Sr. Rodríguez Barrera quen manifestou o seguinte: *"Neste punto do orde do día, non podemos votar en contra de facer o plan económico financeiro xa que é necesario facelo, pero tampouco vamos votar a favor, xa que vostedes incumpriron coa regra de gasto sen ningún motivo xustificado, nun ano no que non houbo ningunha razón para facelo, como puidera ser neste terrible ano 2020.*

*Despois de estudar o plan económico, as partidas orzamentarias do 2019 e os gastos reais, entendemos que no referente a partida 231.227, cun presuposto inicial de 60.000€, e que gastaron 105.500€, un 75% máis. Hai un problema evidente, a xestión dun servizo municipal tan importante como é o da axuda no fogar, como houbo baixas no persoal municipal, o fácil é tirar de empresa privada e pagar polos seus servizos, segundo nos dixo a concellala de asuntos sociais non atoparon xente, pero a realidade é que se a empresa privada atopa xente, vostedes con máis motivo tamén poden. De todas formas é un servizo vital polo que, aínda que creemos que a xestión non foi boa, o importante é cumprir cos veciños.*

*En canto ó tema da brigada, parécenos incrible que non a pediran este ano, porque aínda que o concello pagou 10.000 euros máis no ano 2019 respecto ó 2018, o gasto total foi de 51.451,82 na partida orzamentaria aparecían 53.500 €, polo tanto cumpriron co orzamento nesta partida. E volvemos a botar en falta unha boa xestión neste asunto, se a carroceta está vella e non vale, pois solicitar outra, e senón, non solicitar xente para ela, podían solicitar solo brigadistas. Non creo que estean os tempos para renunciar a*



Cod. Validación: 6RSJ3MTQEXZ4G6QD5GH7FZDCX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 34

*dar traballo á xente. E moito menos gastar máis de 7.000 € en reparar a carroceta, se non vale, fora. E que menos que solicitar os desbroces, é unha cuestión de seguridade nos montes e nas vivendas que están preto. Polo que se ve, parécelles moito gastar 18.000€,por dar traballo a 7 persoas, que lles costou a brigada o ano pasado, pero non aumentar nun 39% as retribucións dos órganos de goberno, cun gasto a maiores do orzamento de 16.000€ no último semestre do ano 2019.*

*Despois temos 3 partidas orzamentarias cunha forte desviación, que son as de gastos diversos: 330.226/340.226/430.226.*

*Máis concretamente as referentes as actuacións e espectáculos e Festa da Faba, nas que tiñan orzamentado un total de 56.000€ e gastaron 85.807€, o que supón unha cantidade de case 30.000€e un porcentaxe do 54% máis.*

*Despois temos un servizo municipal de desbroces totalmente anulado, no que se lle pagou a Trabada máis de 36.000€ por ter un tractor parado e fóronlle contratados traballos a empresas privadas que seguramente tampouco estaban orzamentados, o que supón máis gasto por un servizo cunha xestión nefasta.*

*Polo tanto, este grupo pode entender que ante a súa falta de xestión, pois teñamos que pagar máis por atender á xente que o necesita, ata podemos entender que haxa que pagar por desbrozar, cos nosos tractores pagados e parados, xa que é un tema de seguridade vial, pero o que xa non entendemos son os gastos en festas, canto todos estes puideron ser rebaixados porque se produciron no segundo semestre do ano, ou simplemente gastando o orzamentado que serían 30.000€ menos, pero non, vostedes aínda gastaron máis, temos  a sensación que no primeiro semestre gastaron máis para gañar unhas eleccións e no segundo adicaronse a celebralo con festas e subidas de soldo,  á conta de todos, por suposto.*

*Esperamos que se poñan a traballar para que os nosos veciños poidan dicir que se gañan ata o último céntimo do que cobran. Sobre todo porque nun ano coma este, e os que veñen, nos que sí se podía xustificar máis gasto, pois non, agora toca conterse gracias á súa nefasta xestión. A menor cartos máis traballo, adicación e imaxinación. En definitiva como xa diximos cando se subiron o soldo, o problema non é a suba senón traballar para xustificala, e visto o ano que levamos pois agora mesmo saíronnos un pouco caros."*

Finalmente tomou a palabra o voceiro do equipo de goberno , Sr. Arango Ron, para dicir que seguía a ser o mesmo mitin que nos



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6RSJ3MTQEXZ4G6QD5GH7FZDCX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 34

cinco anos anteriores, a mesma música de sempre, ano tras ano, escrita, seguramente, pola mesma persoa.

A continuación a Alcaldesa interviño para dicir que entendía perfectamente a súa postura e que se abstiveran, que coincidía, ó igual que xa lle dixera ó voceiro do B.N.G., co que ocorrera co gasto do servizo de axuda no fogar, que tiveran un desfase provocado pola situación que fora e que de feito, como dixera antes, estaban agora camiñando na dirección para que non volvera a pasar, pero con respecto a outros gastos como os da brigada de incendios e da motobomba, a ela tamén gustaríalle telo contratado e seguir prestando o servizo, como se viñera facendo ata agora, que lamentaba gastar sete mil euros nunha motobomba pero que se os anteriores equipos de goberno nos tiveran deixado outra maquinaria en mellores condicións, non terían que ter gastado eses cartos e polo que respecta ao tema dos desbroces, era verdade que non tiñan a maquinaria necesaria e en condicións e por iso viranse , en ocasións, obrigados a ter que contratar empresas externas. Por último e polo que refire a gastos diversos, como os da Festa da Faba e de cultura, chocáballe que os concelleiros do P. Popular que tanto alardeaban de que había que gastar en turismo, ela consideraba que tampouco debía deixarse esquecida esta área, pero que dende fora víanse as cousas dunha maneira e lamentablemente dende dentro víase a realidade doutra, e dado que tíñao explicado na Comisión a razón de determinadas cousas, esperaba certo entendemento en algúns temas aínda que entendía a súa postura da abstención porque cada un tiña a súa opinión e por suposto había que respectala, pero que en ocasións había que saber o porque das cousas, e que tamén a ela parecíalle moito gastar sete mil euros na motobomba pero era o que había porque non tiñan unha motobomba nova.

Por parte do voceiro do P. Popular, Sr. Rodríguez Barreira indicouse que se efectivamente a motobomba era vella habería que ver a forma de solicitar unha nova.

Neste intre do debate abriuse una pequena discusión sobre varias subvencións solicitadas á Comunidade Autónoma e a razón de que foran denegadas, na que por parte do equipo de goberno aducíase razóns políticas e o feito de non ser do mesmo partido, ao que o voceiro do P. Popular manifestou a súa desconformidade, aducindo que non sabía as razóns concretas pero que estaba seguro que esa non era a razón e que polo que se refería ós gastos das festas, eses trinta mil euros máis que habería que regular e conter o gasto cando víase que estaba sobrepasado, que había gastos, como os de carácter social que había que facelos, pero no



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6RSJ3MTQEXZ4G6QD5GH7FZDCX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 34

resto habería que conterse e non gastar o que non se ten, e que se hai unha regra, habería que cumprila, que era o único que lles estaban dicindo

Interviño o Sr. Arango para dicir que era o primeiro ano que eles non cumprían a regra de gasto pero que mirase para atrás cando gobernaba o seu partido ao que lle respostou que el estaba aquí e agora e que non ía a pedir contas do ocorrido facía dez anos, que a súa obrigación era agora, xa que era concelleiro e tiña un tema que votar na presente sesión.

Así pois, dado por finalizado o debate e visto que o artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sustentabilidade Financeira establece que: "No caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a administración incumpridora formulará un plan económico-financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento do obxectivos e da regra de gasto.

Visto que este Plan Económico Financeiro terá o contido e alcance previstos neste artigo e nos artigos 9.2 da Orde HAP 2015/2012 e 116 bis da Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

Visto o Plan Económico-financeiro 2020-2021 subscrito por Secretaría-Intervención de data 22/07/2020, cuia necesidade orixinase pola LIQUIDACIÓN PRESUPUESTARIA do exercicio 2019 e o feito do NON CUMPRIMIENTO DA REGRA DE GASTO e resultando que o Plan proposto é conforme ó establecido nos artigos 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sustentabilidade Financeira, en relación co artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, por la que se desenvolven as obrigacións de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sustentabilidade Financeira, e de conformidade co disposto no citado artigo, o Pleno, a proposta da Comisión Especial de Contas, en votación ordinaria e con seis votos a favor, do P.S. de G.-P.S.O.E. e cinco abstencións, dos concelleiros do P. Popular e do B.N.G., adoptou o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Quedar enterado do resultado da avaliación da Regra de Gasto efectuado por Secretaría- Intervención mediante Informe de data 22/07/2020.

SEGUNDO.- Aprobar o Plan Económico-financeiro 2020-2021 da Entidade Local nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente Acordo.

TERCEIRO.- Achegar dito Plan Económico-Financeiro 2020-



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6RSJ3MTQEXZ4G6QD5GH7FZDCX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 34

2021 ó Ministerio de Facenda para a súa publicación na súa aplicación telemática PEFEL2, no prazo de cinco días naturais dende a súa aprobación.

CUARTO.- Achegar certificación do presente acordo e de todo o actuado á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouros e Fondos Europeos da Consellería de Facenda por ter atribuída a tutela financeira do concello.

QUINTO.- A efectos meramente informativos, publicar dito Plan Económico-financeiro no el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Igualmente unha copia do Plan estará a disposición do público dende a súa aprobación ata a finalización da súa vixencia, na sede electrónica desta Entidade Local.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### DACION CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA DENDE A NÚM. 2020/735 DE DATA 18/05/20 ATA A NÚM. DE 2020/1115 DE DATA 24/07/20.

A continuación deuse conta ó Pleno das Resolucións da Alcaldía dende a número 2020/735 de data 18/05/2020 ata a número 2020/1115 de data 24/07/2020 e que puideron ser consultadas electronicamente polos concelleiros no Libro de Resolucións da Alcaldía.

### DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2019 POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 26/06/2020.

Neste punto da orde do día deuse conta ó Pleno do Concello, de conformidade co disposto no artigo 191 e 192.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, da ratificación, por acordo da Xunta de Goberno Local de vinte e seis de xuño do dous mil vinte (26/06/2020), da Liquidación do Presuposto Municipal correspondente ó exercicio do 2019 que fora aprobada pola Alcaldía mediante Resolución de data 26/03/2020 debido á *Declaración do Estado de Alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19 mediante o Decreto 463/2020 de 14 de*



Cod. Validación: 6RSJ3MTQEXZ4G6QD5GH7FZDCX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 34

*marzo(BOE. Núm.67 de 14/03/20),* e tendo en conta a imposibilidade de reunión dos órganos colexiados e a necesidade da aprobación da mesma.
De dita Liquidación deuse conta á Oficina Virtual das Entidades Locais o día 26/03/2020.
Dita Liquidación ofrece os seguintes resultados e arroxa o resumo que se transcribe a continuación:
vCUMPRE co obxectivo de ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA, arroxando unha capacidade de financiamento ó peche do exercicio de 298.825,52 Euros.
vNON CUMPRE co obxectivo da REGRA DE GASTO, arroxando unha diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable ó peche do exercicio de +50.295,60 Euros.
vCUMPRE co límite de débeda, arroxando un volume de débeda viva que ascende a  Euros, que supón o 166.147,95Euros,8,34% dos dereitos recoñecidos netos por operacións correntes de carácter ordinario da Liquidación 2019.
O Período Medio de Pago, 8,48 días, ESTÁ DENTRO do establecido.

| A) | RESULTADO PRESUPOSTARIO | EUROS |
|---|---|---|
| 1 | DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS | 2.189.822,06 |
| 2 | OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS NETAS | 1.924.513,16 |
| 3 | RESULTADO PRESUPOSTARIO (1-2) | 265.308,90 |
| 4 | DESVIACIÓNS POSITIVAS DE FINANCIAMENTO | 8.720,72 |
| 5 | DESVIACIÓNS NEGATIVAS DE FINANCIAMENTO | 2.885,25 |
| 6 | GASTOS FINANCIADOS CON REMANENTE | 0,00 |
| 7 | RESULTADO DE OPERACIÓNS COMERCIAIS | 0,00 |
| 8 | RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO (3-4+5+6+7) | 271.144,37 |
| B) | REMANENTE DE TESOURERÍA | |
| 1 | (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO | 651.546,02 |
| | De Presuposto de Ingresos. Exercicio Corrente | 366.309,11 |
| | De Presuposto de Ingresos. Presupostos Pechados | 285.080,69 |
| | Doutras operacións non Presupostarias | 156,22 |
| 2 | (-)OBRIGACIÓNS PENDENTES DE PAGO | 58.535,69 |
| | De Presuposto de gastos. Presuposto Corrente | 664,13 |
| | De Presuposto de gastos. Presupostos Pechados | 0,00 |
| | De Outras Operacións non presupostarias | 57.871,56 |
| 3 | (-)PARTIDAS PENDENTES APLICACIÓN | -285.892,43 |
| | (-) Cobros realizados pendentes aplicación definitiva | 285.892,43 |
| | (+)Pagos realizados pendentes aplicación definitiva | 0,00 |
| 4 | (+) FONDOS LÍQUIDOS EN TESOURERÍA | 1.314.562,79 |
| I | REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1-2-3+4) | 1.621.680,69 |



Cod. Validación: 6RSJ3MTQEXZ4G6QD5GH7FZDCX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 34

| | | |
|---|---|---|
| II | GASTOS FINANCIAMENTO AFECTADO | 2.885,25 |
| III | SALDOS DE DUBIDOSO COBRO | 117.789,46 |
| IV | REMAN. TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS(I-II-III) | 1.501.005,98 |

**DACIÓN CONTA PMP 2º TRIMESTRE 2020 .**

Neste punto do orde do día e de conformidade co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta do informe do *SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2020* relativo ao *CUMPRIMENTO DO PERÍODO MEDIO PAGO A PROVEDORES* de conformidade coa establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014 do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, e que no Concello cumpriuse no Segundo Trimestre do Exercicio 2018, posto que o Período Medio Global foi de 10,61 días.
Ditos documentos foron remitidos á Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 14/07/2020.

**DACIÓN DE CONTA EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA 2º TRIMESTRE 2020.**

Chegado este punto da Orde do día deuse conta do informe emitido sobre a execución do presuposto correspondente ó *SEGUNDO T*RIMESTRE DO EXERCICIO 2020, que foi enviado ao Ministerio de Economía e Facenda o día 23/07/2020, dando cumprimento ao disposto na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6RSJ3MTQEXZ4G6QD5GH7FZDCX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 34

**Pregunta: PREGUNTAS BNG.**

Cod. Validación: 6RSJ3MTQEXZ4G6QD5GH7FZDCX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 34



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

A)Enrique José Rocha Pérez, concelleiro/a Portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente,EXPÓN:

Devido a crise sanitaria provocada polo covid-19, faise máis necesario que nunca unha corrrecta desifección e hixiene das zonas públicas, parques, baños, piscina etc...

PREGUNTA:

1.- Que protocolo de limpeza e desinfección se segue dende o concello?

2.- Cantas veces se limpan as zonas públicas e os baños públicos ao dia ou semana?

Pola Alcaldía despois de aclarar que non sabía exactamente a que locais públicos se refería e indicar o concelleiro que a pregunta era en xeral e agora no verán á piscina en especial, contestoulle que había certos locais públicos que están pechados e por non ter actividade e non ter presenza de público, non se estaba facendo desinfección e no resto de locais públicos, como o concello, a biblioteca, a piscina, estábase facendo unha desinfección, e concretamente na piscina, intensificándose pola maña e facéndose todo ó longo do día, os socorristas o intensifican, sobre todo nos baños. En canto ós parques, fixérase unha limpeza e desinfección exhaustiva antes da súa apertura. Polo que respecta ós baños públicos, explicou que os da Feira aínda non estaban abertos e que querían abrilos para a próxima feira porque eran necesarios.

A Sra. Vázquez Abal preguntou polos baños da Cazolga, e pola Alcaldía indicouse que tomaba nota porque xurdiu a dúbida de se teña que limpalos a Consellería Medio Rural ou o concello.

B) Enrique José Rocha Pérez, concelleiro/a Portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente,EXPÓN:

Devido o confinamento provocado polo covid-19 moitas pistas do concello estiveron sin facer os traballos de desbroce ata xa case rematada a primaveira.

PREGUNTA:

1.- Cal é a situación actual das pistas e estradas co concello en tema de desbroce e limpeza?

A Sra. Alcaldesa contestou que efectivamente ían con retraso porque normalmente os desbroces facíanse nos meses de Abril-Maio-Xuño e foi xustamente cando se decretara o confinamento e estiveran co persoal a turnos e adicándose principalmente a tarefas de desinfección e limpeza e que agora empezárase a desbrozar na zona da Cazolga, víndose ata Villapol, Pousada, Tiagonce e iniciouse tamén na zona de Santo Adrao e vindo ata o val, indicando o



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6RSJ3MTQEXZ4G6QD5GH7FZDCX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 34

concelleiro delegado, Sr. Huertas Otero, que durante este mes que entra quedarían todas esas zonas rozadas.

C) Enrique José Rocha Pérez, concelleiro/a Portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente,EXPÓN:

O dia 28/07/2020 a Diputación Provincial de Lugo aprobou o plan único do ano 2020.

PREGUNTA:

1.- A que dirixe o concello de Lourenzá a partida asinada a este concello?

A Alcaldesa indicou que na Comisión Especial de Contas tocarase algún punto, que o acordo do P.Único estaba no Libro de Resolucións pero que igualmente o contestaría e que en liñas xerais, dentro do Plan Único había unha partida destinada a investimentos, na que este ano incluirase a estrada que vai dende a Igrexa de Santo Adrao, dirección Canedo, polo Chacote, subindo pola Capela da O, e ata pasar a casa do Estebo, todo iría en aglomerado en quente. Na partida de Fomento de Emprego, que sería similar a outro anos (albanel, carpintería, xardinaría ,electricidade, turismo, limpeza) aínda que se incrementara en case vinte mil euros porque se pasara de nove a dez meses e dar máis cobertura de servizo, despois estaba a partida destinada a axuda no fogar (SAF), e finalmente as partidas de Cultura e Deportes con oito mil euros cada unha e a de Turismo-Festa da Faba, con doce mil euros. Nestas tres últimas, tal e como se falara na Comisión, habería cambios porque moitas das actividades non se poderían facer, aínda que por prudencia ían deixarse algunhas cantidades nestes proxectos porque seguramente algunha actividade íase facer, ao longo do verán, no Nadal ou unha campaña de promoción turística de comunicación na televisión sobre a Festa da Faba para non deixalo esquecido e falouse de deixar sobre catorce mil euros para as axudas con motivo do Covid.

**Pregunta: PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA O PLENO DE 30 DE XULLO DO 2020.**

1.-Na xunta de goberno local do 6 de Xuño do 2020 aprobaron unha factura da substitución de un punto de alumeado na Avda. de Mondoñedo por un importe de 3.880,71 €. E o día 6 de Abril de 2020 por resolución de Alcaldía nº2020-586 pagaron outra do mesmo concepto e da mesma empresa por importe de 3.892,81 €,



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6RSJ3MTQEXZ4G6QD5GH7FZDCX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 34

a este grupo gustaríalle saber: ¿que puntos de alumeado son?.

A Sra. Alcaldesa contestoulle que foran dous sinistros na Avda. de Mondoñedo, unha a que estaba diante do Banco Pastor e outra a que estaba un pouco máis abaixo, diante do Banco Bilbao, comentouse que era moi caras pero que as abonaba o seguro.

2.- Na xunta de goberno local do 6 de Xuño de 2020 aprobaron unha factura da empresa Alvargonzalez contratas por importe de 4.700,21 €, por obras complementarias no camiño de Penelas, ¿cales foron esas obras?.

Aclarouse pola Sra. Alcaldesa que cando se fixera a obra de Castiñeiras Verdes ( a de Lavandeira) incluída no Plan Único do 2019, coa baixada da adxudicación de dito obra decidiuse facer a estrada que ía a Penelas e como non chegaban os cartos para facela na súa totalidade tivemos que poñer a diferencia, que foron eses catro mil setecentos euros.

3.-Resolucións de Alcaldía nº 2020-281 e 2020-282 ¿poden explicarnos porqué paga o Concello ditas facturas?.

A Sra. López García explicou que a factura núm.281 correspondíase cun anuncio na Voz de Galicia e a núm.282, co mesmo anuncio no Diario o Progreso, referente ao expediente do Núcleo Rural do Bordón e incluso había outra factura máis, coa publicación do anuncio no DOGA, e que era o procedemento, o concello pagaba o anuncio e despois repercutía o cargo no interesado, que xa fixera no mes de marzo o ingreso polo importe total de 1.315,49 euros, e o interesado xa a tiña abonada desde marzo.

4.-Poden explicarnos ¿que medidas tomaron neste ano para non ter que volver a pagarlle 105.500 € a unha empresa privada por atender o servizo municipal de axuda no fogar?.

A Sra. Alcaldesa indicou que se ben xa contestara anteriormente, que efectivamente agora se tiña contratado a máis xente e que estaban traballando nesa dirección e indicar que a 02/07/2019 levábamos gastado 68.079,92 e á mesma data, 02/07/2020, tiñan gastado 28.994,45 euros o que facía unha diferencia de 39.085,47 euros menos.

O Sr. Rodríguez Barrera indicou que este ano sería distinto porque non había baixas, ao que pola Alcaldía contestóuselle que aínda había baixas, e coa empresa privada cóbrese as vacacións do persoal e os fins de semana e festivos e por iso a partir de agora ían a subir algo as facturas, ao ter máis persoal contratado.

5.-¿Que medidas teñen pensado tomar para que na vindeira primavera non volvamos a ter as rutas, paseos e áreas recreativas no estado lamentable nas que os veciños as atoparon este ano



Cod. Validación: 6RSJ3MTQEXZ4G6QD5GH7FZDCX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 34

cando saíron do duro confinamento?.

A Sra. Alcaldesa indicou que xa estaba tamén contestado en parte, que a situación debíase porque dende abril ata, xuño, debido ao confinamento, non se puidera facer practicamente nada, que se empezara coa limpeza no mes de xuño e agora estaban intensificando a limpeza de rutas, regatos, fontes etc, agora había máis persoal e antes había menos e ademais non estaba adicado a iso.

O Sr. Rodríguez Barrera puntualizou por iso que había que intentar ter contratado o persoal no mes de marzo para poder desfrutar das áreas recreativas e non contratar agora como se fixera fai uns días, manifestando a Alcaldía que estaba de acordo e que de aí o feito de ampliar este ano a duración da contratación do persoal do Plan Único e que a contratación dun xardineiro fai uns días, debeuse a que como faltaba por contratar o técnico de turismo do ano pasado e dadas as circunstancias deste ano e que o turismo ía a ser daquela maneira e non sería necesario por tantas horas, pois a Deputación permitiu diminuír as horas do técnico de turismo e reforzar a limpeza coa contratación dun xardineiro que era o que máis falta facía e por iso contratarase agora.

6.-Despois de ver que no ano 2019 incumpriron coa regra de gasto en máis de 50.000 €, gustaríanos saber ¿tomaron algunha medida para conter o gasto nos últimos meses do ano?, se así foi ¿cales?.

Desafortunadamente e debido as circunstancias actuais, derivadas do Covid, non se estaba gastando como no ano anterior.

O Sr. Rodríguez Barrera indicou que o de este ano xa ían a vir impostas as medidas de contención do gasto e que referíase ao ano pasado, ao que pola Alcaldía indicouse que xa contestara anteriormente.

7.-Servizo municipal de desbroces: ¿poden explicarnos como está? ¿van privatizalo? ¿van contratar persoal fixo? ¿Que pasou co convenio con Trabada?.

8.-Por segundo ano consecutivo, volveuse a rozar unha estrada de titularidade Autonómica, a LU-P-2804 que vai do Pedrón á Cazolga, co agravante de que se fixo pagándolle a unha empresa privada, ademais foi a primeira que se rozou en moito tempo e aínda por riba, en menos dun mes volveuna a rozar a Deputación , debido a que estábamos en campaña electoral e adiantou os traballos 4 meses, polo tanto, rozouse 4 veces en pouco máis dun ano. A día de hoxe temos aínda estradas sen limpar dende o ano 2019 e algunhas dende o ano 2018, ¿que explicacións nos poden dar?.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: 6RSJ3MTQEXZ4G6QD5GH7FZDCX | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 34

9.-¿Poden dicirnos a contía exacta do que se pagou no ano 2019 a empresas privadas por rozar pistas e camiños? ¿E ó Concello de Trabada?.

